



Concello de Cangas

Expediente núm.: 2668/2020

Asunto: Resolución aprobando lista de admitidos e excluídos, composición do tribunal e fixación probas.

Procedemento: PS-20/09 Selección de 1 traballador/a segundo a Subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co previsto nas bases aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 2020-1005 de data 18/06/2020 para a selección e posterior contratación de 1 de traballador/a ao abeiro da subvención outorgada APROL RURAL 2020, expediente TR351G2020/28-5 por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria mediante resolución de data 10/06/2020 (bases DOG núm. 18 de 28/01/2020).

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Aprobar e publicar no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello a composición efectiva do Tribunal a efectos da formulación de recusación contra dos membros da comisión de selección, que será a seguinte:

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez

SECRETARIA: Carmen Fandiño Docío

Vocal 1º: María del Mar Núñez Villar

Vocal 2º: José Carlos Vilariño Meira

Vocal 3º: Luís Martínez Domínguez

Suplente indistinto: Ángeles Fernández López

Suplente indistinto: Sergio Curra Moreira

Suplente indistinto: Eleuterio Pena Lamas

Suplente indistinto: José Luís Tievo Soliño

SEGUNDO: Aprobar e publicar igualmente o listado de admitidos/as ao proceso selectivo indicando que non contando con exclusións ten o carácter definitivo e que é o seguinte:

ADMITIDOS/AS ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A	
APELIDOS E NOME	DNI
Alonso Garrido, María	***6479**
Bacelar Teruelo, Franciso José	***4085**
Camino González, Catuxa	***1453**
Iglesias Pérez, Pilar	***7420**
Méndez Cordeiro, María Elena	***1629**
Rico Zarza, Juan	***3533**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3PPTPQWVF3M9JHEDNK323NCRQ | Corrección: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Cangas

TERCEIRO: De acordo co disposto na base cuarta aprobar a convocatoria para os chamamentos da primeira proba de cada categoría que segundo o disposto pola presidencia do tribunal de selección é o seguinte:

Xoves 25/06/2020 , no Salón de Plenos do Concello de Cangas ás 10:30 horas.

O chamamento no lugar e horas indicado será único quedando excluído/a quen non compareza de acordo co disposto nas bases. Deberán presentar o seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algún dos membros do Tribunal.

Así mesmo, os/as aspirantes deberán vir provistos dunha máscara (mascarilla) tipo cirúrxica ou hixiénica, ou tipo EPI sen válvula, e mantela posta, cubrindo o nariz e a boca, mentres permanezan nas instalacións do Concello, tendo en conta en todo caso as excepcións previstas no artigo 2 da Orde SND/422/2020 (BOE do 20/05/2020).

Ademais deberán hixienizar as súas mans co xel hidroalcohólico que terán a súa disposición e, no seu caso, deberán empregar tamén luvas no caso de que así se lle indique, que estarán tamén a disposición dos/as aspirantes.

De acordo co estipulado na base sétima, os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, estar en posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o posto ao que optan, ou o seu equivalente no ámbito laboral (diplomas de Iniciación ou Perfeccionamento), quedarán exentos da proba de Lingua Galega, recibindo neste caso 2 puntos.

CUARTO: Publicar a presente resolución de acordo co disposto nas bases

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3PPTPQWVF3M9JHEDNK323NCRQ | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2